AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

Xacobeo 21·22

INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA NO SEO DO CONSELLO AGRARIO GALEGO

Na tramitación do anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia, reuniuse o Consello Agrario Galego o día 29.07.2022 e nel expúxose de forma detallada o contido do Anteproxecto de Lei de Calidade Alimentaria de Galicia.

O día 05.08.2022 o Sindicato Labrego Galego (SLG) achegou as súas consideracións ao citado anteproxecto.

Unha vez analizadas as consideracións presentadas, que se sintentizan a continuación, pódese concluír o que segue:

1 Consideración previa.

A aposta por alimentos nutritivos, saudables, diferenciados da gran produción industrial, e que respondan ás inquietudes crecentes de coidado do medio ambiente e de benestar animal, son unha demanda irrenunciable da sociedade actual.
Ante a difícil conxuntura actual, diversos organismos como a UE ou a propia FAO sinalaron o carácter estratéxico de relocalizar a produción de alimentos ("políticas como a da granxa á mesa, reducir a pegada de carbono apoiando os mercados de proximidade...) e apoiar de xeito decidido as producións locais, cuestións nas que esta lei pode e debe ter un papel moi importante.

→Acéptase esta consideración. O anteproxecto de Lei de calidade alimentaria afronta a través de diversos preceptos a cuestión que suscita o SLG.

Xa na súa Exposición de Motivos así o indica citando o seguinte, a título de exemplo: "De acordo con estes antecedentes, nesta lei recóllese a creación dun referencial que servirá para identificar no mercado os produtos que se obtiveron conforme a normas que garanten a súa sostibilidade, entendida esta non só dende o punto de vista ambiental, senón tendo en conta tamén os aspectos económicos e sociais. Os produtores primarios do agro e do mar desempeñan un papel crave na transición cara a un sistema alimentario máis equitativo e sustentable, e recibirán apoio da política agrícola común e da política pesqueira común a través de novos fluxos de financiamento e réximes ecolóxicos para que adopten prácticas sostibles. Polo tanto, facer da sostibilidade unha marca abre novas oportunidades de negocio e diversifica as fontes de ingresos tanto para os homes e mulleres do campo e do mar como para as empresas alimentarias.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 540 055
agacal@xunta.gal

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En liña co anterior, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, introdúcese a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios medioambientais e sociais [...]".

Estas cuestións que se enuncian na Exposición de Motivos regúlanse despois na parte dispositiva, como é no artigo 65, relativo á 'Contratación pública de produtos alimentarios' e no artigo 27, relativo ao 'Sistema de certificación da sostibilidade do sector alimentario galego'.

Consideración 2.- Artigo 4. j Circuito Curto

"que teña un só intermediario". Podería darse a perversión de que esta definición posibilite que un xigante, por exemplo, como Amazon cumpra esta condición traendo un alimento de miles de Km. É claro que non se conseguiría ningún plus de sostibilidade nin social nin ambiental, polo que convén incluír con claridade parámetros claros, por exemplo a nivel ambiental como a redución da pegada de carbono, con unha redución da distancia entre as persoas produtoras e as consumidoras (modelo da "granxa á mesa", comercio proximidade...). O obxectivo debe ser non só reducir elos da cadea alimentaria, senón achegar as persoas produtoras e consumidoras, a redución de emisións ao medio, a través da potenciación de produtos locais, mercados de proximidade....

→Contestación: No artigo 4 do anteproxecto, dedicado ás definicións xerais, defínese no parágrafo j) o "Circuíto curto de comercialización" como: cadea de subministración formada polo trato directo, ou como máximo cun intermediario, entre o produtor e o consumidor final ou, no caso dos produtos pesqueiros e acuícolas, entre a lonxa ou establecemento autorizado de primeira venda e o consumidor final. Para estes efectos, non se considerarán intermediarias as entidades asociativas de produtoras e produtores, baixo calquera fórmula xurídica, constituídas ou que se constitúan para a comercialización en común de produtos alimentarios. A comercialización mediante estes circuítos curtos implica a operadores comprometidos coa cooperación, o desenvolvemento económico local e a sustentabilidade ambiental".

Esta definición está ligada aos produtos de proximidade.

Non obstante, para maior claridade do texto e de cara a conseguir o obxectivo salientado polo SLG, cómpre introducir no anteproxecto de lei a definición de "Produción local", que queda redactado da seguinte forma:

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

jj) "Produción local: A produción que se comercializa ao consumidor final dentro dun radio máximo de 100 quilómetros dende o lugar de produción".

Esta modificación implica tamén renumerar as letras jj), kk), ll), mm) e crear unha nn) para a definición do viño.

Ademais, a introdución desta nova definición fai aconsellable facer varias modificacións puntuais no texto do proxecto, de acordo co que se indica a continuación:

- Procede suprimir o punto 2 do artigo 18, dado que xera confusión sobre as obrigas de autocontrol das persoas operadoras, en lugar de permitir maior claridade.

No relativo ao artigo 63, existen dúas letras reguladoras dunha mesma materia, que procede modificar para que queden ben deslindados os seus contidos. Son as letras f) e l), que quedan redactadas da seguinte maneira:

"f) Promocionar os modelos de produción propios, os mercados internos, a produción local, as variedades locais e a produción ecolóxica".

"l) Fomentar a implantación de sistemas e canles de comercialización que permitan acurtar a distancia entre as persoas produtoras e as consumidoras, priorizando a produción local, os circuítos curtos de comercilaización e os alimentos frescos, de tempada e de calidade diferenciada".

O artigo 65 regula a 'Contratación pública de produtos alimentarios', e cómpre modificalo para atender á produción local. Así o artigo 65.1.b) queda redactado da seguinte forma:

"Ambientais, valorándose a contribución á preservación do medio e á loita contra o cambio climático, a través da minimización das emisións de CO2 á atmosfera nas actuacións de aprovisionamento e transporte de alimentos e, en especial, da utilización de produtos de produción local, frescos e de tempada".

Así mesmo, o artigo 65.2.a) queda redactado do seguinte xeito:

"a) Establecer unha porcentaxe mínima de alimentos de produción ecolóxica ou doutras figuras de protección da calidade diferenciada, de tempada, de produción local ou procedentes de circuítos curtos de comercialización ou dunha agrupación ou organización de produtores agrarios".

E o artigo 65.2.b) queda redactado do seguinte xeito:

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"b) Valorar durante a fase de adxudicación as porcentaxes que se sitúen por encima do requisito mínimo aos produtos ecolóxicos, frescos, de tempada, de produción local ou de circuítos curtos de comercialización".

Consideración 3.- Artigo 4.f Operador alimentario,

"exclúe aos titulares de explotacións de produción primaria, a non ser que estean en indicacións xeográficas ou outras figuras de calidade diferenciada". Debe quedar claro que as persoas agricultoras e gandeiras como tal non se consideran operadoras alimentarias en ningún caso aos efectos desta lei, posto que hai esixencias como rexistros e prácticas que serían inasumibles para o sector produtor. Se hai algunha esixencia concreta que lles sería de aplicación ás persoas agricultoras e gandeiras que están amparados baixo figuras de calidade diferenciada debería ser concretada e mencionada explicitamente para non levar a equivocacións, sen que teñan a consideración de operador alimentario aos efectos desta lei.

→ Na definición de "persoa operadora alimentaria" do artigo 2 do anteproxecto de lei prevese que "o concepto de persoa operadora alimentaria exclúe ás persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións de produción primaria, excepto no suposto dos rexistrados en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada respecto das obrigas inherentes á súa pertenza a estas".

Polo tanto, o anteproxecto non estende o seu ámbito de aplicación ás persoas titulares de explotacións de produción primaria, dado que estas persoas xa están suxeitas a unha lexislación específica que se contén en diversas normas, como son a lexislación de sanidade animal, a lexislación do benestar animal, etc. Non obstante, si que se prevé a aplicación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria ás persoas operadoras que sexan titulares de explotacións de produción primaria no suposto de que se trate de persoas rexistradas en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada, pero que esta aplicación normativa é exclusivamente para os efectos das obrigas inherentes á súa pertenza a estas figuras de protección da calidade, por tratarse dunha materia propia e específica desta lei.
Polo dito, pese a que se acepta a consideración efectuada, enténdese que xa queda clarificada no texto do anteproxecto.

Respecto deste punto, o anteproxecto reproduce a actual lexislación vixente, polo que non introduce obrigas novas para os citados operadores.

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consideración 4 .- Artigo 4 ll) Viño,
a partir de mosto (?)

→ O artigo 4, relativo ás definicións xerais, define o viño como: "alimento obtido exclusivamente por fermentación alcohólica, total ou parcial, de uva fresca, estrullada ou non, ou de mosto de uva".

Esta definición procede da contida tanto no artigo 2.2.e) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, artigo vixente desta norma, como do Anexo VII, Parte II.1) do Regulamento 1308/2013, do 17 de decembro de 2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios (OCM única).

Consideración 5. - Artigo 9.- Funcións do Agacal

Neste artigo non se menciona explicitamente a función de control e certificación de produtos de Artesanía Alimentaria, unicamente asesorar e exercitar a función de control noutros consellos reguladores. Entendemos que un labor do Agacal moi importante é o apoio aos consellos reguladores máis pequenos e aqueles que inician a súa actividade, en particular a función de certificación que fai na actualidade o Agacal, polo que propoñemos que quede claramente recollida esta función do Agacal neste artigo.

→ Acéptase esta alegación, pero xa está recollida no anteproxecto de lei no artigo 9.1.f) que prevé como función a de:

"f) Realizar o control e a certificación dos operadores que pretendan comercializar produtos baixo a marca Artesanía Alimentaria e xestionar o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia".

Ademais, os consellos reguladores de maior tamaño efectúan o control e certificación por delegación, e no caso dos consellos reguladores máis pequenos, sen capacidade de realizar tales funcións será AGACAL, como ata o de agora, quen desenvolve estas funcións.

Esta circunstancia xa se plasma na Exposición de motivos do anteproxecto:
"Doutra banda, desde a aprobación da Lei 2/2005, produciuse un importante avance na profesionalización do funcionamento dos consellos reguladores como entidades de xestión das denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas, especialmente no que se refire á súa actividade de control e certificación, función que se delegou nos consellos reguladores de maior dimensión económica e que, polo tanto, teñen unha estrutura organizativa mínima que fai viable esa delegación".

A continuación na Exposición de Motivos explícase con maior profundidade a forma de efectuar as funcións de control e certificación: "O Título IV contén a

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

regulación da xestión das figuras de protección da calidade diferenciada. O Capítulo I regula a xestión destas figuras directamente pola Administración. No capítulo II recóllese a posibilidade de delegación desas tarefas de xestión en consellos reguladores para o caso das denominacións de orixe protexidas, das indicacións xeográficas protexidas e para a produción ecolóxica. Esta delegación de tarefas de xestión, que pode incluír tamén as relativas ao control oficial do cumprimento das normas específicas da figura de protección da calidade polas persoas operadoras inscritas, poderá realizarse cando se dean determinados requisitos que a fagan posible, requisitos que se recollen neste capítulo".

A continuación reprodúcese o citado Capítulo I, que ofrece gran claridade ao respecto (artigo 46):

CAPÍTULO I
Xestión pública
Artigo 46. *Xestión a través da Administración competente en materia de calidade alimentaria*
1. A xestión das figuras de protección da calidade diferenciada ás que se refire este título realizaraa a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate. No caso das denominacións xeográficas relativas aos produtos agroalimentarios e no da produción ecolóxica e o da artesanía alimentaria, estas funcións da consellería competente en materia de agricultura exerceranse a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
2. No caso das denominacións xeográficas de calidade, a consellería competente en razón da natureza do produto poderá delegar estas funcións en consellos reguladores, constituídos de conformidade co disposto no Capítulo II do Titulo IV.
3. Para o caso da produción ecolóxica, a consellería competente en materia de agricultura delegará a xestión desta figura de protección da calidade diferenciada no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, que deberá constituírse de conformidade co disposto no Capítulo II do Título IV.

E logo, xa no Capítulo II, relativo á "Xestión das denominacións xeográficas e da produción ecolóxica a través de consellos reguladores", especifícase a facultade dos consellos reguladores de efectuar funcións de control de forma delegada, a saber: Artigo 47.3: "Os consellos reguladores autorizados como entidades de xestión poderán exercer tamén actividades de control da figura de protección da calidade diferenciada que se trate actuando como organismos delegados, de acordo co establecido no Capítulo III do Título VI".

Consideración 6.- Artigo 19.7
"Nos sistemas de rastrexabilidade dixital, as persoas operadoras deberán incluír ferramentas de sensorización..." Entendemos que hai proxectos piloto que están traballando nesta dirección e que no futuro seguramente sexa algo moito máis amplo neste sentido do que hai na actualidade, pero

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tamén consideramos que hoxe sería unha esixencia moi difícil de cumprir para boa parte das persoas operadoras.

→ O anteproxecto de lei non obriga a dispoñer de sistemas de rastrexabilidade dixital, nin ferramentas de sensorización, senón que só as posibilita e fomenta. Por isto non vai constituír esta previsión unha traba para a actuación das persoas operadoras.

Consideración 7.- Artigo 26. Rexistro Industrial de Galiza

"As persoas operadoras alimentarias que participen nas fases de transformación, envasado e/ou etiquetaxe deberán inscribir as actividades que desenvolvan e as súas instalacións no Rexistro Industrial de Galicia". Hoxe por hoxe a obriga limítase aos operadores que realizan as transformacións.

Debe quedar claro, como é na actualidade, que as persoas agricultoras ou gandeiras que envasen ou etiqueten un produto primario (hortalizas, mel...) están exentas de estar no Rexistro Industrial de Galicia.

→Acéptase esta alegación eximindo a venda directa dos produtos da propia explotación, polo que o artigo 26.1 do anteproxecto queda redactado da seguinte forma:

Artigo 26.1: "As persoas operadoras alimentarias que participen nas fases de transformación, envasado e/ou etiquetaxe, deberán inscribir as actividades que desenvolvan e as súas instalacións no Rexistro Industrial de Galicia, segundo as condicións e coas excencións que se establezan regulamentariamente.
Quedan excluídas desta obriga as persoas que comercialicen a súa produción de forma directa, consonte co establecido no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final".

Consideración 8. Artigo 27. Sistema de certificación da sustentabilidade do sector alimentario galego.

Incluír unha condicionalidade social ou a garantía da marxe axeitada para todas as partes da cadea de valor parécennos parámetros moi importantes para garantir unha sostibilidade integral, a maiores da ambiental, calidade....

propoñeriamos que se avanzase nesa etiquetaxe de xeito obrigatorio para acceder a contratación pública, axudas.... En todo caso pensamos que os comités de sostibilidade específicos deben incluír as organizacións profesionais agrarias pola importancia de que se garanta a representatividade do sector produtor neste temas tan importantes.

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

→ O anteproxecto de lei dedica o Capítulo III do TÍTULO II á sostibilidade da cadea alimentaria. Regula de forma novidosa un sistema de certificación da sosbilidade do sector alimentario galego. Este sistema inclúe unha análise desde os diversos puntos de vista que se poden suscitar: "medio ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e a cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso dos operadores primarios".

O artigo 27.7 deriva ao desenvolvemento regulamentario a regulación sobre a composición e as normas de funcionamento dos comités de sostibilidade. Será nese decreto no que se determine a concreta composición dos Comités de sostibilidade.

Consideración 9. Artigo 41. Produtos alimentarios tradicionais de Galiza

Parécenos moi importante desenvolver as excepcionalidades que se prevén a nivel europeo para elaborados e prácticas tradicionais, especialmente as realizadas nas casas labregas e nos pequenos obradoiros de elaboración, máis sempre tendo en conta a idea de preservar a marca tradicional como un distintivo de calidade diferencial, no que un parámetro esencial é que sexa un alimento saudable e de alta calidade nutricional, impedindo que produtos industriais banalicen este tipo de categoría e por extensión as marcas galegas de calidade diferenciada.

→Esta alegación contempla a importancia dun desenvolvemento normativo que, de ser o caso, se efectuará unha vez publicada a lei.

Consideración 10. Artigo 44. Promoción de marcas de garantía sectoriais

A idea de elaborar unha marca paraugas da produción alimentaria de Galicia de calidade que a Consellería propón representa en si mesma un gran reto, posto que ao final afectaría a produtos dunha gran calidade acreditada como a produción ecolóxica, ternera galega suprema,... Calquera escándalo alimentario vinculado a unha marca paraugas tería un impacto enorme sobre todas as producións amparadas polo que vemos unha enorme dificultade neste proceso, que debe ser minuciosamente estudado e valorado.

→ O Capítulo VIII do Título III regula a "Promoción de marcas de garantía". Non obstante, non só recolle a promoción de marcas de garantía sectoriais e as marcas de garantía no sector público galego para a promoción da produción alimentaria de calidade de Galicia, senón tamén a esixencia da regulación dunhas obrigas detalladas en relación con métodos de produción e elaboración que garantan características específicas, e unha calidade do produto final que

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

exceda a calidade estándar do tipo de produto de que se trate e os control destes requisitos por unha entidade de control e certificación que actúa con independencia e imparcialidade. Desta forma queda regulada tanto as obrigas, como o control destas.
Non obstante, terase en conta a consideración presentada.

> ***Consideración 11. Artigo 65. Contratación pública de produtos alimentarios.***
>
> *Representa unha oportunidade única de axudar ao desenvolvemento de iniciativas de gran valor social, ambiental... Os parámetros que se valoran parécennos moi relevantes e propoñemos incluír os produtos de proximidade como elemento fundamental. Con respecto á promoción da igualdade, propoñemos que non só se apoien os proxectos de organizacións cun 50% de mulleres, senón tamén aqueles liderados por mulleres ou nas que as mulleres representen un mínimo do 50%. Respecto á compra de produto ecolóxico e local, propoñemos que se mude de ser unha opción a que sexa unha decisión efectiva de incorporación progresiva cuns obxectivos mínimos concretos nun próximo marco temporal determinado.*

→ Na Exposición de motivos do anteproxecto xa se explica a finalidade da regulación da contratación pública, en consonancia co que se expón na consideración 11 da seguinte forma:

"En liña co anterior, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, introdúcese a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios medioambientais e sociais. Así, introdúcense os criterios para que nas compras públicas se favoreza a presenza de produtos frescos, de tempada, ecolóxicos e de calidade diferenciada así como produtos procedentes de empresas que asumen determinados compromisos sociais".

O artigo 65 do anteproxecto regula a contratación pública de produtos alimentarios que deberán valorar os aspectos sociais, ambientais e de calidade diferenciada.
En particular, e polo que respecta ás mulleres, este artigo prevé que:
Para realizar a dita valoración poderanse establecer, entre outros, os seguintes criterios:
a) Sociais, valorándose a utilización de produtos que cumpran algunha das seguintes características:
[...]
2º producidos por organizacións que teñan un 50% ou máis de mulleres asociadas;

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante o anterior, non semella adecuado incluír referencias a criterios non obxectivos ou medibles como o liderado.

No tocante aos produtos ecolóxicos, no anteproxecto xa se introduce o seguinte criterio:
"c) De calidade diferenciada, valorándose a utilización de produtos:
[...]
2º con certificación ecolóxica.

Respecto da previsión dunha regulación sobre a decisión efectiva de incorporación progresiva cuns obxectivos mínimos concretos nun próximo marco temporal determinado, non se considera propia dunha norma con rango de lei, dado a concreción e singularidade da medida proposta, sen prexuízo da súa consideración en materia de contratación.

Consideración 12. Artigo 69. Realización da toma de mostras

"...persoa titular da empresa, persoa representante legal, ou en ausencia calquera persoa pertencente á empresa ou establecemento". Entendemos que se debe garantir que a persoa responsable dispoña da información en prazo suficiente para poder cumprir esta obriga ou a posibilidade de poder ter unha data alternativa, se tivese unha causa xustificada que impedise a primeira opción. Non estamos de acordo con que calquera persoa pertencente á empresa poida suplir ás persoas representantes, de non ser designadas como tales, posto que por diferentes cuestións, como o feito de non se corresponder coas tarefas propias dese posto de traballo, pódese impedir que a empresa teña garantida representación axeitada nesa toma de mostras e iniciativa de control, e mesmo levar a unha responsabilidade xurídica da empresa se se considerasen tarefas impropias da persoa traballadora.

→ A presencia do representante legal, responsable ou persoa pertencente á empresa ou establecemento regúlase tan só para os efectos da toma de mostras, polo que non supón mingua ningunha na garantía dos dereitos das persoas inspeccionadas. Non se refire á presentación de alegacións nin xustificacións. De non regularse así, perderíase a inmediatez, co conseguinte posible prexuízo para o control da calidade alimentaria. Por outra banda, e en consonancia coa redacción que se propón do anteproxecto de lei, o borrador do Real decreto estatal regulador da toma de mostras e que substituirá o Real decreto 1945/1983, ao regular os rexistros fai referencia ao "titular, representante legal, persoa responsable ou testemuña da realización do control oficial, de ser o caso".

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consideración 13. Capítulo IV. Infraccións en materia de calidade alimentaria

Desproporción na consideración de calquera mínimo erro.
Esixir a infalibilidade aos operadores semella unha cuestión bastante pouco realista e esaxerada, o mesmo que considerar infracción calquera pequeno erro nunha anotación, prazos, dispoñibilidade documental inmediata... Entendemos que a maioría dos pequenos erros que se consideran no Anteproxecto de Lei como Infraccións Leves deberían cando menos a primeira vez resolverse cun apercibimento e un prazo de corrección, antes de ser considerado unha infracción e motivar un expediente sancionador, máxime se non afecta a cuestións como a natureza, calidade, composición, procedencia do produto, non hai ningún ánimo de fraude e non é un feito reiterado. Un pequeno erro ou inexactitude sen intencionalidade nin consecuencias reais non debería motivar un expediente sancionador que puidese poñer en perigo totalmente ese proxecto.

→Estamos de acordo coa consideración.
Non obstante, no anteproxecto xa se cualifican como infraccións leves todas aquelas que teñen un carácter meramente formal, pasando a ser graves cando concorran circunstancias máis graves de responsabilidade, como cando a infracción "afecte á composición, definición, identidade, natureza, características ou calidade dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias", a título de exemplo, ou "cando a inexactitude supere uns parámetros concretos".

Por outra banda, non se regula o apercibimento previo como requirimento previo, senón como sanción mínima a aplicar no caso de que se sancione pola comisión dunha infracción leve. Esta previsión non é exclusiva da lexislación autonómica galega, así o establece o artigo 20 da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, que ten o carácter de normativa básica ao abeiro da súa Disposición final quinta.

Consideración 14. Artigo 108. Infraccións graves

Algunhas das infraccións graves debería considerarse infraccións leves, como demorar un mes unha anotación, non dispor no momento do acto de inspección dun documento se este se achegase nun período breve, a aplicación dalgunha práctica de xeito diferente á establecida se isto non supón ningunha merma na calidade e na seguridade do alimento (emprego tipo de envase non autorizado, etiquetado con algunha breve variación...), unha inexactitude ou erro en rexistros e documentos de acompañamento que chegue ao 5%... Considérase moi importante o bo trato cara a todas as persoas implicadas no labor de control, na produción, transformación e comercialización, así como a necesidade de preservar as garantías xurídicas

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

necesarias e a presunción de inocencia, salvo que se demostre a súa responsabilidade, como criterio fundamental do noso sistema xurídico.
aa) Considérase infracción grave "a desconsideración e o trato irrespectuoso ao persoal que realiza o control". Entendemos que este concepto é demasiado ambiguo e que con claridade pode haber unha interpretación subxectiva do que é "a consideración" e o "trato respectuoso", polo que propoñemos que se suprima esta infracción e en todo caso se estipule con claridade o que podería considerarse unha infracción a nivel de trato co persoal de control. Penalizar con ata 150.000 euros a desconsideración é claramente desproporcionado e difícil de xustificar.
d) Considérase infracción moi grave, con multas de 150.001 a 3.000.000 euros, "calquera forma de presión ao persoal da administración e dos consellos reguladores que realiza a función de inspección ou ás persoas instrutoras dos expedientes sancionadores". Cremos que este enunciado de novo crea unha inseguridade xurídica moi grande e resulta totalmente ambiguo, polo que pedimos que se suprima, dado que o normal é aterse ao marco de relacións xeral co persoal administrativo ou con funcións designadas pola administración pública.

→ Na redacción da cualificación das infraccións como leves, graves ou moi graves tivéronse en conta as circunstancias que rodeaban a actuación do infractor (mera neglixencia, culpa ou dolo), as circunstancias dos produtos afectados (se afectaba ou non ás súas características), as circunstancias do prexuízo que puidera causar ao destinatario do produto e se se trataba dunha irregularidade meramente formal ou ben se tiña una carácter esencial, como podería ser que afectase á eficacia do control. Por isto consideramos que se encontran ben cualificadas e son proporcionadas á gravidade da infracción que se comete en cada caso.

No relativo ás infracción que afectan á actuación inspectora, procedeuse a unha regulación de menos a máis, é dicir, de leve a moi grave, tendo en consideración o tipo de infracción que se comete. Os inspectores son persoal público que en moitas ocasións se ve afectado por actitudes ás veces incorrectas e ás veces ameazantes das persoas inspeccionadas e deben ser protexidos na súa actuación.
En particular, nesta materia o anteproxecto regula infraccións leves [artigo 107. 1.n., o), p), 2.f)] graves [108.1 y), z), aa)] e moi graves [109.1.c), d)].

Porén, acéptase, por considerarse axeitada, a modificaión do artigo 109.1.d), no que se inclúe a gravidade da presión exercida sobre o persoal inspector para que a infracción poida cualificarse como moi grave, polo que quedaría redactado da seguinte forma:

"d) Os insultos, as coaccións, ameazas, inxurias, represalias, agresións ou calquera outra forma de presión grave ao persoal da administración e dos

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

consellos reguladores que realiza funcións de inspección e ás persoas instrutoras dos expedientes sancionadores".

A maior abastemento, mesmo no caso de que a sanción resultase excesivamente onerosa, tendo en conta as particularidades do caso, podería aplicarse a minoración que prevé o artigo 112.3 do anteproxecto.

Consideración 15. Obradoiros compartidos

Cremos tamén que hai que ter en consideración novas realidades como os obradoiros compartidos como infraestruturas de interese no marco do desenvolvemento da artesanía alimentaria, da elaboración de produtos tradicionais ou da transformación a pequena escala de produtos como os ecolóxicos...

→ A redacción actual é perfectamente compatible coa utilización deses obradoiros compartidos, polo que non se considera necesario engadir ningunha particularidade adicional no anteproxecto de lei.

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 15/09/2022 12:43:41

CVE: t1NGwzGiMsC1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve